

Un percorrido polos lugares da contemplación e do silencio

CONVENTOS DE CLAUSURA

IGREXAS, CONVENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DOMUS DEI

GALEGO

CONVENTOS DE CLAUSURA

Un percorrido polos lugares da contemplación e do silencio

Santiago de Compostela conta cunha inxente riqueza monumental, na que sobresaí o patrimonio relixioso, e moi especialmente os conventos e mosteiros de clausura.

Envoltos nun halo de misterio, que se agocha tras os seus altos muros, reixas e celosías, neles o tempo parece terse detido. Son lugares de silencio, de serenidade, de vida austerá e contemplativa, de entrega a Deus.

Propoñémosche un itinerario polos conventos de clausura de Santiago de Compostela, para que descubras a súa historia e patrimonio e te deixes contaxiar pola súa atmosfera de meditación e de paz. E tamén, como non, para que probes a exquisita repostería que elaboran as monxas.

Visitas guiadas

Itinerario: Convento das mercedarias. Convento das dominicas (Belvís). Antiga horta conventual de San Domingos (dominicos). Convento das clarisas.

Idiomas: español e inglés. Outros idiomas dispoñibles para grupos (solicitar).

Punto de saída: oficina principal de Turismo de Santiago, Rúa do Vilar, 63.

Máis información e reservas:
Compostur
Tel 902 190 160
www.SantiagoReservas.com

Turismo de Santiago (oficina principal)
Rúa do Vilar, 63
Tel +34 981 555 129
www.SantiagoTurismo.com



AS ORDES DE CLAUSURA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA



Orde de Nosa Señora da Mercé
Convento de Clausura das Mercedarias



Orde mendicante fundada en Barcelona a comezos do s. XIII por San Pedro Nolasco, baixo a protección do rei de Aragón, para rescatar aos cristiáns presos dos musulmáns, expostos a perder a fe. Nesa época cristiáns e musulmáns loitaban polo control da península Ibérica. Así, a Mercé naceu como orde militar (de sacerdotes e cabaleiros; o superior recibía o nome de Xeneral), pero posteriormente perdeu este carácter.

A misión actual dos mercedarios, homes e mulleres, é redimir as novas formas de cativerio: cárceres, refuxiados, drogadictos, enfermos, anciás desamparados, nenos abandonados, mulleres maltratadas... misión que realizan de forma activa nos seus colexios, residencias de anciás, etc. ou mediante a vida contemplativa (clausura), como é o caso de Santiago.

Hoxe a Orde está en España, Italia, Perú, Chile, Arxentina, Ecuador, México, Venezuela, Guatemala, Panamá, El Salvador, Brasil, Puerto Rico, Colombia, Honduras, Bolivia, Santo Domingo, Camerún, Angola, Mozambique, India e nos Estados Unidos.



Orde de Predicadores ou de San Domingos
Convento de Clausura das Dominicas de Belvís



Unha das principais ordes mendicantes. Foi fundada a comezos do s. XIII polo español Domingos de Guzmán en resposta ao avance de novas formas de relixión que rompían coa autoridade eclesialista (cátaros, albixenses, valdenses) e basébase na predicación pacífica contra os herexes. Os dominicos estenderonse moi de presa por Francia e España e posteriormente en América, onde tiveron grande actividade misional.

As monxas predicadoras ou dominicas, sen abandonar o claustro, cooperan coa súa oración á predicación dos frades dominicos, invocando ao Espírito Santo para que os ilumine.

San Domingos foi o fundador do Rosario, do que esta orde é moi devota: oración simple que se repite larga e ritmicamente e que serve para serenar a mente, creando así a predisposición para a espiritualidade.



Orde de Santa Clara ou de Franciscanas Clarisas
Convento de Clausura das Clarisas



Clara naceu en Asís, Italia, en 1193, nunha familia nobre, mais renunciou á riqueza familiar e fundou esta orde xunto con San Francisco de Asís, do que era amiga e seguidora. Por isto a orde clarisa é tamén considerada unha orde franciscana (a Segunda Orde de San Francisco) e tamén unha orde mendicante, polo que as clarisas tamén son coñecidas como "damas pobres" ou "señoras pobres", aludindo á súa pobreza.

A orden tivo unha moi rápida expansión no mundo medieval, que era un mundo moi dinámico, no que as mudanzas e a expansión de novos fenómenos, en particular os relixiosos, se producían con grande rapidez. Calculáse que hoxe hai case unhas 20.000 clarisas repartidas nuns 1.250 conventos de todo o mundo.

Santa Clara foi a primeira muller que escribiu unha regra de vida relixiosa para mulleres. En 1958 foi declarada por Pío XII Patroa da Televisión.



Orde das Carmelitas Descalzas
Convento de Clausura do Carme de Arriba



Os Carmelitas estaban establecidos dende 1190 aproximadamente, no marco de la terceira cruzada, no monte Carmelo (Israel) para emular ao profeta Elías, en quen vían un dos fundadores da vida monástica. O seu grande século sería o XIV, a cuxo termo se organizou unha rama feminina da orde.

A relaxación sufrida pola mesma obrigou á súa reforma nos séculos XV e XVI, sendo unha das súas impulsoras Santa Tareixa de Xesús que, xunto con San Xoán da Cruz e outros, fundou os Carmelitas descalzos ou Teresianos a finais do s. XVI.

O seus dous fundadores foron escritores excepcionais que acadaron o cumio máis alto de toda a mística española e universal.

Actualmente hai 11.600 carmelitas dispersas en 800 conventos de 84 países.



Orde de San Bieito
Mosteiro de Clausura das Beneditinas de San Paio de Antealtares



Orde relixiosa fundada por Bieito de Nursia na abadía de Montecasino (Italia), que segue a Regra dictada por este en 529 cuxo principio fundamental é Ora et labora, é dicir, "reza e traballa", regra na que máis tarde se basearon moitos outros fundadores de ordes relixiosas.

San Bieito contribuíu decididamente á evangelización do continente europeo, polo que é o Patrón de Europa.

Actualmente a orde está por todo o mundo, con mosteiros masculinos e femininos.

As beneditinas teñen unha clausura "constitucional" (distinta da "papal", cuxos membros ocupáanse só de Deus, en soidade e silencio), polo que poden alternar a súa contemplación con actividades como a ensinanza e a hospitalaría, sempre impartidas dentro do mosteiro.



"Esta é a Casa de Deus e a Porta do Ceo".
Entrada do convento do Carme.

IGREXAS, CONVENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DOMUS DEI

A VIDA CONTEMPLATIVA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Arredor da basílica do Apóstolo erguéronse, a partir do Medioevo, conventos e mosteiros das principais ordes relixiosas de Occidente: beneditinos, franciscanos, dominicos, clarisas, carmelitas, xesuítas, agostiños, mercedarios, etc.

Encargadas maioritariamente da custodia do sepulcro e da atención e hospedaxe dos peregrinos, estas ordes aportaron moitísimo á cidade: os seus coñecementos seculares de botica e medicina (que deron orixe á actual fama médico-sanitaria de Santiago), a súa vocación educativa (que contribuíu ao nacemento da Universidade), as súas devocións (os seus santos pasaron a selo de toda a cidade), as súas tradicións arquitectónicas e artísticas (ás que debe Santiago a súa riqueza monumental)... Os conventos de clausura, dedicados á vida contemplativa, e, polo tanto, illados da sociedade, tiñan neste contexto un papel fundamental: salvar ao mundo mediante a oración.

En Santiago hai actualmente 5 conventos de clausura, que pertencen a outras tantas ordes de vida contemplativa: mercedarias, dominicas, clarisas, carmelitas descalzas, e beneditinas.

A VIDA EN CLAUSURA

A oración

É o eixo principal da vida: os relixiosos e relixiosas teñen a obriga de rezar o Oficio Divino (Liturxia das Horas), que é o conxunto de oracións que se rezan en distintas horas do día, para consagralas a Deus.

Moitas das oracións realízanse acompañadas de canto. A campá é fundamental, porque chama aos actos de comunidade, invitando á oración.

A oración organiza o horario do día que, aínda que varía segundo as ordes, é aproximadamente así:



- **Oficio de Lectura (Maitines).** É a oración da alba, anterior ao inicio do novo día, aínda que algunhas ordes rézano a noite anterior. Lugar: basílica. Duración: 40'-50'.
- **Laudes.** Significa "loanzas", porque se celebra ao romper do día. Lugar: basílica. Duración: 30'.
- **Almorzo.** Despois das primeiras oracións do día, váise ao refectorio a almorzar.
- **Terza.** Oración da terceira hora despois de saír o sol. Duración: menos de 10'. Lugar: varía segundo as ordes.
- **Sexta.** Sexta hora despois de saír o sol. Duración: menos de 10'. Lugar: varía segundo as ordes.
- **Comida.** Celebrase en silencio, que só se rompe coa lectura da Biblia e de un libro seleccionado. Para que, ademais do corpo, se alimente o espírito. Lugar: refectorio. Duración: 30'.
- **Tempo libre.** Tempo para o descanso, a recreación, pasear polo xardín... Duración: entre 30' e 60'.
- **Nona.** Pregaría que se fai antes de continuar coa xornada laboral, na hora novena despois de saír o sol. Lugar: varía segundo as ordes. Duración: 10'.
- **Vésperas.** Ven de vesper, tarde; pregaría que se fai á tardiña. Lugar: basílica. Duración: 30'.
- **Cena.** Despois da pregaria inicial, e durante toda a cea, lese unha obra espiritual. Lugar: refectorio. Duración: 30'.
- **Tempo para a comunidade.** Na sala común o superior ou superiora fomenta o diálogo para que se comparta o vivido no día. Duración: 30' aprox.
- **Completa.** A última pregaria do día. Acabadas Completas é tempo de descanso e silencio. Lugar: varía segundo as ordes. Duración: 10'.

A maiores está a **misa conventual**, que é o acto central, a misa da comunidade, aberta tamén aos de fóra. Cada orde celebraa a unha hora distinta. Duración: entre 30' e 60'.

O hábito

"O hábito non fai ao monxe, pero axúdalle a selo". É outro dos elementos fundamentais. Os hábitos das monxas son das mesmas cores da orden masculina da cal proveníen e adoitan cubrir a cabeza con toca branca e veo branco, se son novicias, o veo negro se xa son profesas e teñen feito os seus tres votos (pobreza, castidade, obediencia).

O traballo diario

Entre oración e oración aínda fica tempo para as labores domésticas; os traballos na horta; ensaiar o canto e o organo para o Oficio Divino; dedicar un tempo ao silencio e a meditación, atender o torno; lavar, pasar o ferro e facer bordados para o exterior... Algunhas ordes femininas (en Santiago as dominicas e as beneditinas) elaboran exquisitas sobremesas, auténticas delicias conventuais que non se pode deixar de degustar.


Ordes religiosos



Ordes mendicantes



Convento

A photograph of the exterior of the Convento de San Francisco in Salamanca. The building is a large, light-colored stone structure with a prominent bell tower on the left side. The facade features several windows and a large arched entrance. The sky is clear and blue.

Mosteiro



Claustro

A photograph showing the interior of a large, multi-story cloister. The space is defined by a series of tall, square stone columns supporting a dark wooden roof. The ground is paved with light-colored stone tiles. In the background, a two-story building with arched windows and doorways is visible, forming the inner wall of the courtyard. The lighting is soft, coming from the open end of the cloister.

Clausura



Iconografia

Mensaxe visual



A photograph of two large, ornate statues of saints in a courtyard. On the left is a statue of St. Andrew, and on the right is a statue of St. Peter. Between them is a tall, decorative cross on a pedestal. The statues are made of a dark material, possibly bronze or stone, and are set against a clear blue sky.

A photograph of the interior of the church of Santa Maria della Pace in Rome. The view is from the back of the church looking towards the altar. The altar is ornate and features a large central window with a religious scene. The pews are wooden and arranged in rows. The walls are light-colored with some decorative elements. The overall atmosphere is serene and historical.

Horario de turno: 9.30 a 12 y 16.15 a 18 h.

Na fachada oposta á praza está a portería e, no ángulo, a chamada "Porta dos Carros" o "da Borriquita": nela aparece representado o capítulo bíblico da Fuxida a Exipto, coa Virxe sobre unha burriña.

A photograph of the interior of the Igreja de São Francisco in Vila Rica. The image captures the main altar, which is highly ornate and gilded, featuring a central niche with a statue and a large, arched pediment. The altar is flanked by two side altars, also gilded and featuring statues. The architecture is Baroque, with a large, vaulted ceiling and a prominent archway above the altar. The lighting is warm, highlighting the gold leaf and the architectural details.

Horario torno: 9 a 13 e 15.30 a 19h.

A collection of antique keys and a metal ring, overlaid on a background of repeating text 'CONVENTOS DE CLAUSURA'. The keys are made of various metals, including brass and silver, and feature different historical designs. One key has a large, ornate bow, while others are simpler. A metal ring, possibly a padlock or a decorative element, is also visible. The background text is in a serif font, with 'CONVENTOS' in red and 'DE CLAUSURA' in grey, creating a repeating pattern.